



Lista de espera cirúrxica

Expediente: I.5.Q/1077/21

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2021

Sr.conselleiro:

Nesta institución iniciouse un expediente de queixa como consecuencia dun escrito relativo á lista de espera cirúrxica para realizar unha intervención con prioridade III nunha doente portadora dunha mutación de risco.

ANTECEDENTES

No seu escrito a paciente refire que os seus facultativos indicaron unha mastectomía bilateral reductora de risco inscribíndoa na lista de espera cirúrxica o 20 de maio de 2020. Asemade, indica que é portadora dunha mutación de risco que predispón á aparición de procesos tumorais. Refire tamén que, dado o tempo transcorrido sen intervención se esta non se programa nun tempo prudente sería convinte ao seu entender facer unha revisión para obxectivar o estado actual da súa doenza.

Ante iso requirimos informe á Consellería de Sanidade, dándolle traslado do escrito de queixa de xeito literal. No devandito informe indícase que:

“1. A paciente está correctamente rexistrada na lista de espera cirúrxica con prioridade III. A intervención programarase segundo a dita prioridade e a dispoñibilidade asistencial.

2. Na HC da paciente non consta a solicitude de nova cita en cirurxía para revisión da prioridade nin se menciona a dita cuestión nos comentarios clínicos, polo que a paciente deberá tramitar a consulta a través do seu médico de familia se este o considera indicado“.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa promotora do expediente e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre dicir que, salvando o feito de que a intervención requirida se programou a prol de reducir o risco de presentar cadros tumorais, ao ser a paciente portadora dunha mutación de risco, como pode obxectivarse no motivo de inclusión na lista de espera cirúrxica reflexado polo facultativo que indicou a intervención, “mastectomía bilateral reductora de risco”, o prazo legalmente establecido para as intervencións cirúrxicas con prioridade III, de conformidade co artigo 133.1.u da Lei 7/2003, de 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia en consonancia co artigo 5.1 do Decreto 104/2005, de 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera en atención sanitaria non urxente, é de 180 días naturais de lista de espera estrutural.

Resulta convinte traer aquí o texto do devandito artigo 133.u que establece que, en todo caso, as intervencións cirúrxicas que teñan que realizarse aos titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria financiadas públicamente, deberán executarse nun prazo máximo de 180 días naturais, sen prexuízo de que poidan establecerse prazos de resposta inferiores para determinadas intervencións.

No caso que nos ocupa, estamos ante unha lista de espera para realizar unha intervención nunha paciente portadora dunha mutación de risco no momento actual de 337 días naturais, espera que excede en 157 días o establecido legalmente para o seu nivel de prioridade.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora, esta institución considera axeitado, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa consellería o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Recordatorio de deberes legais:

“Para facer efectivo o dereito da paciente dona [REDACTED] a ser intervida cirúrxicamente dentro dun prazo razoable tomando como referencia o prazo establecido normativamente, amplamente superado na actualidade, cómpre realizar a programación da súa intervención”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta Valedoría, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola Administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo